

PRAZOS DE ANULACIÓN TOTAL DE MATRÍCULA

ANULACIÓN TOTAL de matrícula:

- O alumnado de primeiro curso por primeira vez que se matricule no mes de xullo (nos prazos fixados pola CiUG) poderá solicitar a anulación total ata o 30 de setembro.
- Quen se matricule no período ordinario de matrícula do mes de agosto, no 2º prazo do curso de adaptación ao grao (curso ponte), de primeiro curso por primeira vez nos meses de setembro e outubro (nos prazos fixados pola CiUG) ou en novembro (na convocatoria de prazas vacantes), poderá solicitar a anulación total no prazo de 30 días naturais a contar dende o día seguinte ao da formalización da matrícula.
- Quen solicite a anulación total fóra do prazo que lle corresponda e demostre terse matriculado ou ter admisión nunha titulación oficial doutra universidade española, noutra titulación oficial desta universidade ou nun ciclo formativo de grao superior de formación profesional no mesmo curso académico, terá dereito ata o 15 de outubro, á anulación total da matrícula con dereito á devolución total do importe da mesma. Quen o solicite con posterioridade a esa data, poderá ter dereito á anulación pero sen dereito á devolución total do importe e aplicaráselle o indicado na norma quinta desta convocatoria.